

## RESPOSTAS O EXAMEN PRAZA DE ADMINISTRATIVO

### SUPOSTO Nº 1

#### EXERCICIO 2016

O concello da Estrada recibiu unha resolución de concesión de subvención por parte da Unión Europea, para a realización do investimento denominado “**Pavimentación de vías públicas municipais**”, por importe de 400.000,00 euros.

O total do proxecto das obras a realizar, importa un total de 500.000,00 euros.

Para a aportación municipal concertouse, no ano 2016, unha operación de préstamo, a 12 anos, con dous de carencia.

Durante o exercicio de 2016 aprobáronse e pagáronse certificacións de obras por importe de 300.000,00 euros.

A Unión Europea ingresa a totalidade da subvención concedida o 31-12-2016.

#### EXERCICIO 2017

A 31 de maio 2017 efectuouse a aprobación e pagamento do resto do investimento ata completar o total do proxecto.

En canto ao préstamo, non se dispón ata a finalización do período de carencia.

#### Pídese:

- 1) Contabilización do ingreso efectuado pola Unión Europea, indicando documento contable, concepto de ingresos da contabilidade orzamentaria e asento de partida dobre.

.Documento contable. RD-I: 790.00 Unión Europea, subvención Pavimentación Vías Públicas Municipais, por importe de 400.000,00 euros.

.Asento de partida dobre:

-----x-----					
400.000,00	4300	a	522	400.000,00	
400.000,00	571xx	a	4300	400.000,00	
-----x-----					

- 2) Cálculo de desviacións de financiación nos anos 2016 e 2017 . Especificar cómo afectan estas desviacións ao Remanente e Resultado Orzamentario dos anos 2016 e 2017.

Proxecto: 500.000,00 euros: 400.000,00 UE (80%)

100.000,00 Préstamo (20%)

**2016:** (coinciden as desviacións de financiación do exercicio e acumuladas)

O.R.N. 2016=300.000,00 euros.

Desviacións relativas ao exercicio 2016:

DF(Exercicio U.E.)=400.000,00-(80% $\times$ 300.000,00)= (+) 160.000,00: axustaría o resultado orzamentario minorándoo.

DF(Exercicio préstamo )=0,00-(20% $\times$ 300.000,00)= (-) 60.000,00: axustaría o resultado orzamentario aumentándoo.

Desviacións de financiación acumuladas 2016:

DF(Acumuladas U.E.)=400.000,00-(80% $\times$ 300.000,00)= (+) 160.000,00: sería un exceso de financiamento afectado, unha desviación positiva de financiación que se incorporará ao exercicio de 2017 para continuar coa execución da obra (resta do remanente de tesourería total, xunto cos saldos de dubidoso cobro, para obter o remanente líquido de tesourería).

DF(Acumuladas préstamo )=0,00-(20% $\times$ 300.000,00)= (-) 60.000,00: non tería repercusión no remanente de tesourería.

#### **2017:**

O.R.N.2017=200.000,00 euros.

#### Desviacións relativas ao exercicio 2017:

DF(Exercicio U.E.)=0,00-(80% $\times$ 200.000,00)=(-)160.000,00: axustaría o resultado orzamentario aumentándoo.

DF(Exercicio préstamo)=0,00-(20% $\times$ 200.000,00)= (-) 40.000,00: axustaría o resultado orzamentario aumentándoo.

#### Desviacións de financiación acumuladas 2017:

DF(Acumuladas U.E.)=400.000,00-(80% $\times$ 500.000,00)= 0,00: non afectaría ao remanente de tesourería.

DF(Acumuladas préstamo )=0,00-(20% $\times$ 500.000,00)= (-) 100.000,00: non tería repercusión no remanente de tesourería, se ten quedaría como tal desviación na táboa de proxectos ata que o ingreso do préstamo, canto remate o período de carencia: no ano 2018.

- 3) Importe a incorporar ao orzamento de gastos de 2017, mediante expediente de Remanentes indicando o financiamento desta incorporación

Total proxecto: 500.000,00

Gastado: 300.000,00

Crédito a incorporar: 200.000,00

O 80% (160.000,00) como remanente afectado polo ingreso da subvención da U.E.

O 20 % (40.000,00) como compromiso de aportación do préstamo en período de carencia.

#### SUPOSTO Nº 2

Contabilización dos Seguros Sociais dunha nómina do mes de xaneiro dos funcionarios municipais do Concello "X" por un importe de 90.236,61 € e o seu pagamento pola entidade bancaria "X"

A parte que lle corresponde cotizar a empresa e de 75.053,89 € e a parte restante son as cotas retidas ós funcionarios en dita nómina:

a) Indicar as fases na contabilidade presupostaria que se farían neste suposto e os importes correspondentes en cada fase.

(ADO-P-MP por 75.053,89€ pola parte da empresa e NPP por importe de 15,182,72 € pola parte retida os traballadores)

b) A que programa de gastos se imputarian. (231.0 ou o programa que a entidade esbleza)

c) A que económica de gastos se imputarian. (160)

d) Indicar as contas do plan xeral que utilizaríamos nos asentos contables.

Na parte correspondente á empresa utilizaríanse as seguintes contas:

0030 créditos dispoñibles

004 gastos autorizados

005 gastos comprometidos

642 gastos de persoal e prestación social a cargo do empresario

4000 Acreedores por obrigas recoñecidas gasto corrente

571 banco

En canto a parte retida os funcionarios na nómina de xaneiro fariase un NPP

(operación non presupostaría a conta do plan xeral 4760 a banco 571xx)

e) ¿De non dar a saída o mesmo día da contabilización dos seguros pola entidade bancaria podería utilizarse unha conta ponte nos asentos?: se fose posible indicar cal.

Sí, a 5570 formalización.

### SUPOSTO Nº 3

Acordáse en Xunta de Goberno Local a anulación de cargos por insolvencia dos suxeitos pasivos a proposta da Axencia Tributaria de Galicia segundo informe/proposta da Tesourería Municipal, contando co visto e prace do Concelleiro Delegado de Facenda e o Informe de Intervención.

Vistos os escritos presentados con datas 28/03/2017 (R.E. Nº 4275) e 29/03/2017 (R.E. Nº 4348) polo departamento de Recadación da Axencia Tributaria de Galicia nos que se manifesta que se achegan propostas de crédito incobrables da zona de Recadación de Pontevedra:

NOME	D.N.I.
Bruno Macias Salgado	76.650420-G
Teresa Lago Pereiras	40.320.500-L
Antonio Fajardo Gómez	35.760.200-T

Vista a documentación aportada polo devándito organismo e que xustifica a procedencia da proposta plantexada no seu escrito.

Vista a Providencia do Concelleiro Delegado de Facenda

Vistos os padróns relativos aos cargos a anular por insolvencia

Vista a documentación contida no expediente TES/99/2017

Visto o sinalado no informe de Tesourería Municipal

A Xunta de Goberno Local adopta por incobrible, e baixa en contas das seguintes liquidacións por insolvencia do suxeito pasivo cancelando os dereitos de cobramento por causa de insolvencia:

NOME	IMPOSTO	IMPORTE
Bruno Macias Salgado	I.V.T.M. /2010	90,65
Teresa Lago Pereiras	I.V.T.M. /2009	90,65
Antonio Fajardo Gómez	I.V.T.M. /2005	90,65

a) Que supondrían estas baixas nos dereitos pendentes de cobro da Entidade Municipal

### UNHA MINORACIÓN NOS INGRESOS DE EJERCICIOS PECHADOS

b) Con que asento/os contable/s se reflexarían estas anulacións

667x

439x

(perdidas de créditos incobrables) 667x

a (debedores de dereitos pechados insolvencias)

En caso de que existise un padrón anual para cada un dos exercicios citados anteriormente teríase que facer un asento tirando do saldo incorporado no cierre de cada exercicio para cada unha das operacións minorándose o padrón correspondente nos conceptos citados anteriormente.

#### SUPOSTO Nº 4

Na Xunta de Goberno Local do 08/02/2017 aprobábase un expediente de contratación da obra “ Construcción Gardería Municipal ” por importe de 135.720,63 € sendo financiado o 100% con fondos propios municipais.

Na Xunta de Goberno Local do día 03/4/2017 adxudicábase a Empresa Construccions Campos, S.L. Por importe de 134.925,00 € por ser a oferta mas ventaxosa.

Na Xunta de Goberno Local do 20/06/2017 presentábase a primeira factura que corresponde a primeira certificación da obra para a súa aprobación por un importe de 90.000,00€ e o seu pagamento

Na Xunta de Goberno Local do 10/08/2017 presentábase a segunda e última certificación da obra polo restante da súa adxudicación 44.925,00€. e o seu pagamento

Que fases do gasto e asentos contables se farían na contabilidade desde o comenzo da aprobación da obra hasta o seu remate indicando a que programa é económica se imputarían as fases.

O programa sería 323. e a económica sería 622.00

FASE A: 135.720,63 €

A primeiro asento contable sería un “A “ coa aprobación do proxecto da obra

creditos dispoñibles ( 0030 ) a ( 004 ) créditos autorizados

O Segundo asento sería a súa adxudicación fase do gasto “D” **aquí observábase un sobrante na adxudicación polo que se podería barrar o sobrante da primeira fase do gasto pasando de crédito autorizado a crédito dispoñible mediante un barrado de fase “A”: 795,63 €**

FASE “D”: 134925,00 €

gastos autorizados ( 004 ) a (005) gastos comprometidos

FASE “OP-MP”: por importe da primeira factura de 90.000,00 € e 44,925,00 € a segunda.

Cas aprobacións das certificacións e os seus pagamentos fariábase os seguintes asentos”:

Construcciones (211) a (4003) outras debedas  
outras debedas (4003) a (571x) banco

#### SUPOSTO Nº 5

A que partidas presupostarias e contas do plan xeral imputaríamos estes gastos

a) merca de botas e traxes de auga deportes 340.221.04 (628)

publicidade Alcaldia 912.226.02 (627)

Reparación vehiculo Medio Ambiente 162.1.214.00 (622)

merca de ordeadores e impresoras 927.626.00 (217)

mobiliario de oficina Urbanismo 151.625.00 (216)

materiais diversos para proteccion civil 135.221.99 (628)

Seguro vehiculo Vías Públicas 450.0.224.00 (625)

Publicidade de Cultura 330.226.02 (627)

b) Preséntannos unha factura por material diverso para o servizo de augas municipais por un importe total de 1.540,00 € ( I.V.E., do 21% 267,27€) a qué partida de gastos do orzamento corrente se imputaría e as contas do plan xeral:

Partida de gastos 161.221.xx

1.272,73	0030	a	004	1.272,73
1.272,73	004	a	005	1.272,73
1.272,73	6XX	a	4000	1.272,73
267,27	4720	a	410	267,27

**SUPOSTO Nº 6**

a) Por Resolución da Alcaldía o 20/06/2017 avocando competencia aprobase a concesión dun gasto a xustificar a un traballador municipal do departamento de cultura de subministrados varios para a celebración dun evento municipal por un importe de 1.200,00€ que asentados contables se farían:

1.200,00	(0030)	a	(004)	1.200,00
1.200,00	(004)	a	(005)	1.200,00
1.200,00	(558x)	a	(4000)	1.200,00
1.200,00	(4000)	a	(571xx)	1.200,00
1.200,00	(5740)	a	(558x)	1.200,00
	<b>Pagos a xustificar</b>		<b>Prov. fondos para pagos a xustif.</b>	

si non poñen la 558 tambien estaría bien

b) O 10 de/07/2017 o traballador presenta xustificación coas facturas correspondentes a dito gasto concedido por un importe de 1.120,00 € que asento contable se faría:

1.120,00 (6xxx)	a	(5740)	1.120,00
-----------------	---	--------	----------

c) Como non presenta a totalidade do gasto concedido no seu día reintegra a parte restante non gastada por importe de 80,00 € por caixa que procedería facer en contabilidade:

**El Reintegro:**

80,00	(558x)	a	(5740)	80,00
80,00	(570)	a	(5546)	80,00 reintegro pagos a justificar

La Resposición de crédito en la partida :

80	(5546) reingreso pagos	(5570) formaliz.	80
- 80	(0030)	(004)	- 80
- 80	(004)	(005)	- 80
- 80	(558x)	(4000)	- 80
- 80	(4000)	(5570) formaliz.	- 80

d)Si El reintegro no se realizase dentro del mismo ejercicio de la concesión del gasto como se reflejaría en la contabilidad del año siguiente:

Se haría un RD-I

deudores x derechos reconocidos (4300)	a	(775) (reintegros)
(570)	a	(4300)